

Información embargada ata as 21,00h.

Santalices alenta a autoestima galega e sinala que “sobran razóns para presumir do que somos e do que temos”

- **O presidente do Parlamento participou na inauguración dunha exposición de homenaxe a Alfonso Sucasas no Museo de Belas Artes da Coruña**

Santiago, 1 de decembro de 2017.- “En ocasións de máis, os galegos pecamos de exceso de victimismo, dunha baixa autoestima, cando a realidade é que sobran razóns para presumir do que somos e do que temos”. Así o manifestou esta tarde o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, no transcurso do acto inaugural cunha exposición de homenaxe a Alfonso Sucasas no Museo de Belas Artes da Coruña.

Para sustentar esta afirmación, Santalices lembrou, a modo de exemplo, que Galicia alberga a sede da principal multinacional téxtil do mundo e que conta con artistas de talla internacional, como Alfonso Sucasas, protagonista da mostra aberta hoxe. “Hoxe falamos de Sucasas –dixo-, pero poderíamos falar de moitos máis, varios deles vivos e con presenza e cotización nos máis destacados circuítos da arte internacional”.

O presidente do Parlamento definiu a Sucasas como un “artista galego de proxección universal, un clásico contemporáneo da plástica galega” e felicitou á Consellería de Cultura por organizar a mostra e á cidade da Coruña por acollela.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia

Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal